

Concello de Vilalba

BASES DO RETO LECTOR 2023

1. Obxecto e finalidade

A Biblioteca Municipal do Concello de Vilalba, convoca o concurso “Reto Lector 2023”. Co obxecto de fomentar a lectura e crear o hábito de visitar a biblioteca como espazo público de lecer.

2. Persoas ás que se dirixe

A todos os usuarios xuvenís e adultos da biblioteca que sexan socios da mesma. (Lembramos que o carné é gratuito e faise ao momento)

3. Mecánica de participación

- A biblioteca estipula un estilo ou xénero literario diferente cada mes, propoñendo a través dunha mostra bibliográfica diversidade de títulos.
- As persoas que desexen participar deberán recoller na biblioteca unha cuartilla na que mensualmente se verificarán as lecturas que están a facer. Todas as lecturas deben ser títulos da biblioteca.
- As lecturas serán selladas dentro do mes correspondente, xaneiro, febreiro,...
- Para o sorteo só se admitirán as cuartillas que teñan todos os meses cubertos.
- En caso de que se perda a cuartilla, aceptárase unha foto da mesma, e comprobaranse a través do *programa Koha* as lecturas da mesma.

Ata o 29 de decembro de 2023 recolleranse todas as cuartillas nos que estean cubertos todos os meses, e entre todas elas se realizará o sorteo.

4. Datras do concurso

Poderán recoller a súa cuartilla de participación no concurso na propia biblioteca, desde o día da publicación das bases ata o **28 de febreiro** de 2023.

O sorteo realizarase na **segunda quincena de xaneiro 2024** na presenza presencia da Concelleira de Educación, Infancia e Mocidade, Feiras e Mercados, ou persoa en que delegue, e a/o bibliotecaria/o ou persoa en quen delegue, que farán constar o resultado do concurso na acta correspondente.

BASES APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA Nº 35 O 27 DE XANEIRO DE 2023

Asdo. A Alcadesa M^a Elba Veleiro Fernández

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE



5. Premios

O premio consistirá no sorteo entre os participantes dunha cesta de libros por valor de **100€**.

6. Protección de datos de carácter persoal

Os usuarios aceptan, mediante a súa participación neste concurso os termos de estas bases. Os datos persoais facilitados non serán incorporados a ningún ficheiro e serán utilizados unicamente coa finalidade de xestionar a participación no concurso.

7. Responsabilidades.

O Concello de Vilalba resérvase o dereito de anular a calquera participante se se teñen sospeitas dunha manipulación incorrecta dos datos ou do concurso.

8. Aceptación das bases do concurso

A organización resérvase o dereito de acortar, prorrogar, modificar ou cancelar este concurso se así o estima conveniente ou se concorran circunstancias excepcionais que impidan a súa realización.

